

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE XUÑO DE 2008

LICENZAS FAVORABLES.-

1641/07.- Aurora Méndez Vilouta.- Vivenda unifamiliar en Pedrido.-

498/08.- Inmobiliaria Ginarte e Hijos, S.L.- Edificio (12 viv.) na Rúa Sánchez Freire núm.8, 10, 12 e 14.-

2428/07.- Construcciones Fontenla.- Derruba edificación sita na Rúa Curros Enríquez núm.9.-

762/08.- Construcciones Ruafer, S.A.- Edificación (34 viv.) no quintero 6 do SUP-7 de Pontepedriña.- 16-06-08

OCIHR LICENZAS FAVORABLES

LIC/1751/2007.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Acondicionamento da igrexa de San Pedro.- rúa de San Pedro.

LIC/1749/2007.- MARIA JESÚS SAAVEDRA SAAVEDRA.- demolición de edificio e construción dunha vivendaunifamiliar (b+1)na rúa San Lourenzo, nº74.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
Apróbanse axudas por importe de 1.160 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial XINOÉ (centro de beleza e quiromasaxe) como iniciativa local de emprego.

7.- Revisión de prezos do contrato de subministración de material de oficina consumible para o Concello de Santiago de Compostela (Lote I).

Acórdase a revisión do prezo do contrato asinado con ROYAL OFI, SL, conforme á variación do IPC. Queda fixado en 90.000 euros/ano.

8.- Revisión de prezos do contrato de subministración de material de oficina consumible para o Concello de Santiago de Compostela (Lote II).

Acórdase a revisión do prezo do contrato asinado coa empresa MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, SL, conforme á variación do IPC. Queda fixado en 25.000 euros/ano.

9.- Revisión de prezos do contrato de xestión por concesión administrativa do servizo de iluminación pública do Concello de Santiago de Compostela.

Revísase o prezo do contrato suscrito coa empresa DAVIÑA, SL, conforme á variación do IPC. O importe queda fixado en 871.041 euros/ano.

10.- Revisión de prezos do contrato para a prestación do servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía.

Acórdase a revisión de prezos do devandito contrato suscrito con ASPAS EMPREGO, SL, que queda fixado en 64.474 euros/ano.

11.- Prórroga e revisión de prezos do contrato de prestación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD.

Acórdase a prórroga por un ano (a contar dende o 28 de xuño de 2008) do devandito contrato, subscrito coa empresa PROTECCIÓN DE PATRIMONIOS, SA, e a revisión do prezo da adxudicación conforme á variación do IPC, que queda fixado nun importe anual de 40.428 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa ao traslado do mercadiño dos xoves en Salgueiriños.

Acórdase o traslado do mercadiño dos xoves que se viña celebrando na explanada de Salgueiriños para a nova ubicación sita no aparcamento de autobuses existentes ao outro lado do edificio da Axencia Tributaria. Apróbase, así mesmo, a distribución dos postos.

13.- Proposta da comisión avaliadora das solicitudes de Autorización do uso das Hortas de Belvís.

Outórganse as 29 autorizacións de uso das hortas municipais de Belvís, así como a lista de agarda. Fíxase o 19 de xuño para a formalización da cesión de uso e o 19 de xullo como data límite para a toma de posesión.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á designación de arquitecto supervisor das obras da unidade de actuación número 16 (UX-16) de Santas Mariñas.

Noméase a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución das obras da unidade de xestión número 16 de Santas Mariñas.

16.- Proposta da Alcaldía para solicitar á Consellería de Vivenda e Solo a subvención de axudas aos concellos para a contratación de persoal técnico para facilitar a aplicación das Normas do Hábitat Galego.

Solicítase á Consellaría de Vivenda e Solo a subvención de axudas aos concellos para a contratación de persoal técnico para facilitar a aplicación das Normas do Hábitat Galego (20.000 euros). Así mesmo, acorda financiar con cargo aos orzamentos municipais o 10% do total, que ascende a 2.000 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense as devanditas exencións.

33.- Modificado das Obras de Rehabilitación e ampliación da antiga estación de Cornes para casa do Asociacionismo Veciñal.

Apróbase o proxecto modificado, que supón un incremento de 119.921 euros con respecto ao proxecto primitivo, así como a adxudicación das obras que nel se comprenden á empresa adxudicataria da obra orixinaria, EXTRACO, SA, por un importe que ascende a 98.527 euros. O prazo para a finalización das obras será de catro meses a contar desde a data de formalización do novo contrato administrativo.

34.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de reposición e reparación de pavimento na beirarrúa da rotonda do Restollal.

Apróbase o proxecto redactado polo arquitecto técnico municipal e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 57.375 euros.

35.- Aprobación proxecto modificado das Obras de construción dunha LUDOTECA no polígono de Fontiñas, e adxudicación ao contratista da obra principal.

Apróbase o proxecto modificado, redactado polo arquitecto municipal, o que supón un incremento de 137.367 euros sobre o proxecto inicial (adxudicado por 621.915 euros, dos que 382.000 eran aportados pola Deputación), así como a adxudicación dos traballos comprendidos no mesmo á empresa adxudicataria da obra principal, EXTRACO; SA, por un importe, aplicada a baixa ofertada na licitación inicial, de 123.355 euros. O prazo estimado para a execución das obras é de 4 meses.

36.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adxudicación dos traballos complementarios para a Redacción do Plan Parcial do SUNP-8 do Sarela, vinculados ao contrato principal.

Adxudícanse os traballos complementarios vinculados ao contrato principal a María Carreiro Otero, os cales supoñen un importe de 2.494 euros.

37.- Dar conta da sinatura do Convenio de Cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias para o ano 2008.

Dáse conta do devandito convenio, polo cal a Consellería aporte a cantidade de 649.756 euros.

38.- Dar conta da concesión de diversas subvencións ao Concello pola Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta das seguintes subvencións:

- Organización do Fórum Gastronómico Santiago, 100.000 euros.
- Curtocircuíto, 140.000 euros
- Compostela Festival 2008 "Músicas do Mundo", 60.000 euros
- Sostemento do CSC do Ensanche 2008, 180.000 euros
- Mantemento dos CSC de Santa Cristina de Fecha, Villestro, A Rocha e Lavacolla, 145.000 euros.

39.- Dar conta da sinatura de convenios entre o Concello e diversas entidades para o desenvolvemento do programa de acceso á publicidade por parte do sector comercial/empresarial do Concello de Santiago.

Dáse conta do devandito convenio.

URXENCIAS

1.- Autorízase a execución dunha intervención artística no parque da valgada de Belvís promovida polo artista brasileiro Waltercio Caldas e o CGAC.

2.- Autorízase a realización da actividade de educación e divulgación ambiental "Feira de Verán" o vindeiro día 21 de xuño no parque de Belvís, cun orzamento de 7.552 euros.

3.- Autorízase a concesión de 27 subvencións destinadas á prevención de incendios forestais por un importe global de 12.680 euros.

4.- Adxudícase a licitación das obras de nova capa de rodadura na rúa do Tambre, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 99.687 euros.

5.- Adxudícase a licitación das obras de pavimentación do núcleo de Silvouta e acceso, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 122.749 euros.

6.- Adxudícase a licitación das obras de reforzo do firme na vía pública R-3-V entre Mercagalicia e A Gracia, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 87.396 euros.

7.- Adxudícase a licitación das obras de nova capa de rodadura en Rebordaos- Son de Abaixo, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 82.065 euros.

8.- Adxudícase a licitación das obras de reforzo do firme na vía pública M-54-V entre Carballal e Codesedas, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa OVIGA, SL, por importe de 75.420 euros.

9.- Adxudícase a licitación das obras de reforzo do firme na vía pública camiño dos Vilares – rúa do Tambre, incluídas no POS 2008 da Deputación da Coruña á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 65.903 euros.

10.- Adxudícase o servizo de montaxe, instalación de infraestruturas e desenvolvemento do programa Ferradura Aberta 2008 a María Carmen García Vicente por importe de 50.999.